



Concello de Mugardos
(A Coruña)

11/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 18 DE AGOSTO DE 2021.

Sendo as nove horas e tres minutos do día 18 de agosto do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021-0844, de data 12.08.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. Iván Martínez González, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asisten, con excusa, os/as concelleiros/as D. José Ángel Martínez Bardanca e Dna. Marta Ruiz del Ganso. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DO “PROXECTO REFUNDIDO DE REFORMA DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS PARA ADECUALA ÁS NOVAS NECESIDADES DE POSTOS DE VENDA” .

20 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido sinala que co presente asunto se trata de reformular as disposicións técnicas do proxecto para adecualo á normativa vixente e que se trata dunha obra que está cofinanciada polo GALP e que é importante aprobar o presente punto da orde do día para poder cumprir cos prazos marcados. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

1 min 05 s: O sr. Varela Filgueiras intervén para aclarar que na comisión abstivéronse na votación, coa reserva de voto para o Pleno, e sinala que non están en contra deste proxecto pero que tamén é certo que o Concello tiña encargado un proxecto no ano 2017, que era o Plan de usos do Mercado, que viña a dicir un pouco o que había que facer para tratar de recuperar o mercado de abastos e que non era suficiente cunha rehabilitación arquitectónica senón que tamén se necesitaba un cambio de concepto, coa intervención da veciñanza, das praceiras e incluso do Concello, para tratar de facer do mercado de abastos algo diferente ao que a día de hoxe son as grandes superficies e os supermercados, e co fin último de que subsista o mercado de abastos. E para rematar a súa intervención, o sr. Varela Filgueiras di que a pesar do exposto o sentido do voto será favorable á aprobación do presente asunto.

2 min 31 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

2 min 34 s: O sr. Fernández Fernández manifesta que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación do presente asunto e de seguido di que esperan que a obra comece canto antes e que os prazos sexan o máis breves posibles.

3 min 05 s: Polo sr. Alcalde, e dado que non hai máis intervencións no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.


Vista a Resolución da Consellería do Mar pola que se concede unha axuda ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo ao proxecto “Modernización do Mercado Municipal, posta en valor productos locais” (GALP2-071) ao Concello de Mugardos onde se inclúe na súa anulación 2021 a execución do proxecto de “Reforma do edificio do mercado municipal de Mugardos”.

Vista a necesidade de redacción dun novo proxecto adaptado ao requerimento efectuada pola asistencia técnica a municipios da Deputación Provincial da Coruña para a realización da supervisión.

E unha vez rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, tendo en conta os informes emitidos pola arquitecto técnico municipal e polo secretario da corporación, obrantes no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo, rehabilitación e mobilidade realizada en data 12.08.2021, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto das obras de “PROXECTO REFUNDIDO DE REFORMA DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS PARA ADECUALO ÁS NOVAS





Concello de Mugardos
(A Coruña)

NECESIDADES DE POSTOS DE VENDA”, redactado polo enxeñeiro industrial, LUÍS MONZÓN GÓMEZ, en data xuño 2021, por importe de 240.397,50 €, IVE incluído.

2º.- Que se proceda a efectuar o reformulo do proxecto de acordo co establecido no artigo 236 da LCSP.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA O CONCELLO DE MUGARDOS. EXP.36/2021.

3 min 26 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido sinala que as necesidades do servizo de axuda a domicilio aumentaron de xeito considerable e dado que co persoal propio non se poden cubrir tódalas necesidades faise preciso reforzar o servizo co apoio dunha empresa. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

4 min 32 s: O sr. Varela Filgueiras intervén para manifestar que o sentido do voto no presente punto da orde do día será o da abstención, ao igual que fixeran na comisión informativa, fundamentando o mesmo basicamente no informe de intervención, no que se reflicte que para o ano 2021 non existe crédito adecuado e suficiente.

5 min 33 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Fernández Fernández.

5 min 36 s: O sr. Fernández Fernández manifesta que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación do presente asunto dado que por encima de todo priorizan os usuarios e a atención do servizo para que ningún usuario teña pendente atención domiciliaria. De seguido di que o voto favorable non quere dicir que estean a favor deste modelo de servizo mixto, que comporta unha parte de atención pública e outra parte de atención privada, e manifesta que lles gustaría que o servizo fose 100% público, coa ampliación que fose necesaria dos servizos sociais do concello, tanto en materia de persoal como de medios.

7 min 04 s: Polo sr. Alcalde, e dado que non hai máis intervencións no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Visto que o expediente tramitado para a contratación do servizo epigrafiado cumpre os requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo a providencia de inicio, os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, así como o informe de insuficiencia de medios.

Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, así como o ditame da comisión informativa de benestar social e igualdade realizada en data 05.08.2021.

E rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor (5 PP, 1 PSOE), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1 BNG), acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, para o servizo de axuda no fogar, convocando a súa licitación.

2º.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

3º.- Adquirir o compromiso a consignar no orzamento de 2021, 2022 e 2023 e no seu caso 2024, os importes necesarios para facer fronte aos gastos que derivan desta contratación, dacordo co seguinte desglose:

ANO	IMPORTE
2021	315.914,40 €, IVE incluído
2022	315.914,40 €, IVE incluído
2023	315.914,40 €, IVE incluído
2024	315.914,40 €, IVE incluído

4º.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

5º.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

6º.- Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

7º.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

8º.- Sinalar que non se prevee a división en lotes polos motivos que constan na providencia da alcaldía e no prego de condicións, que se dan aquí por reproducidos.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=28>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
8fee99375c73d4ac8656944cf6fa0a8f082d1bc183b0878bbfde349f5e4c45ad

Vº e praxe
O ALCALDE

